

II. A LITERATURA GALEGA NA DIÁSPORA

1. O labor cultural do exilio galego

A derrota do bando republicano na Guerra Civil empurrou ao exilio a moitas galegas e galegos, entre eles escritores, artistas e intelectuais. O abandono doloroso da propia Terra foi o único xeito de salvar a vida ou fuxir dunha atmosfera política, social e cultural asfixiante.

Arxentina, Uruguai e México acolleron o maior continxente de exiliados. Existían alí comunidades galegas estábeis cun tecido asociativo, mutualista e cultural importante (centros galegos, sociedades de instrución, hospitais, publicacións...). Isto facilitou a inserción profesional e o acollemento político e afectivo das persoas exiliadas.

En **Bos Aires e Montevideo**, cidades entón prósperas e cosmopolitas, concentráronse moitos dos intelectuais e artistas que lograron fuxir da represión franquista: Castelao, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Luís Seoane, Lois Tobío, Suárez Picallo, Arturo Cuadrado, Alonso Ríos, Otero Espasandín etc. Ademais moitos emigrantes asumiron a condición de exiliados: Blanco Amor, Núñez Búa, Emilio Pita, Varela Buxán etc. Esta concentración axudou a dinamizar a vida asociativa da comunidade galega e reforzou as posicións políticas do galeguismo (Irmandade Galega; pacto Galeuzca, **Consello de Galiza**), que estivo liderado por Castelao ata o ano 1950.

O exilio mantivo acesa a chama da cultura galega que non podía desenvolverse baixo o franquismo e garantiu a continuidade do galego como idioma escrito a través de múltiples iniciativas:

- A organización de **actos culturais**: exposicións, conferencias, recitais, certames, concertos, mostras do libro galego etc.
- A fundación de **editoriais**: Emecé, Nova, Botella al Mar, Alborada, Galicia, Cítania etc. Os exiliados editan obras emblemáticas como o *Sempre en Galiza* (1944) de Castelao, *A esmorga* (1959) de Blanco Amor ou a *Obra completa* (1959) de Cabanillas.
- A edición de **xornais** (*Galicia, A Nosa Terra, Opinión Gallega*), revistas (*De Mar a Mar, Galicia Emigrante, Vieiros* etc.) e **programas radiofónicos** como *Sempre en Galiza, Recordando a Galicia* ou *Galicia emigrante*.
- A creación de grupos músico-corais e de **compañías teatrais** (Compañía Maruja Villanueva, Compañía Boga-Tacholas, Teatro Popular Galego de Blanco Amor), que protagonizan a estrea de pezas como *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao e as *Farsas para títeres* de Blanco Amor.



Xesús Canabal, Alfonso D. Rodríguez Castelao e Manuel Meilán en Montevideo, 1940.



Arturo Cuadrado.

- A constitución de diversos organismos e **entidades** para a promoción cultural: o Patronato da Cultura Galega (México e Montevideo); o Instituto Argentino de Cultura Gallega etc.
- A presentación dunha denuncia diante da UNESCO (1954), por iniciativa do Consello de Galiza, sobre a persecución da cultura e o idioma galegos que perpetraba acotío o franquismo.

En **México** desenvolvéronse importantes iniciativas da man de figuras como Xosé Caridad Mateos, o poeta Delgado Gurriarán, o musicólogo Xesús Bal y Gay, o pintor Arturo Souto, o cineasta Carlos Velo ou o dirixente comunista Luís Soto, que deu froitos como o Patronato da Cultura Galega, o volume *Cancioneiro da loita galega* (1943) e as revistas *Saudade* (1942-1953), *Loita* (1943) e *Vieiros* (1959).

Os exiliados noutros países americanos tiveron tamén unha destacada actividade cultural: en **Estados Unidos**, o historiador Emilio González López, o catedrático Ramón Martínez López, o poeta Ernesto Guerra da Cal ou o profesor Xosé Rubia Barcia; en **Cuba** Xerardo Álvarez Gallego, Basilio Álvarez e Fuco G. Gómez; en **Porto Rico** Eugenio Fernández Granell e en **Venezuela** Silvio Santiago e Xosé Velo.

2. A poesía na diáspora

A poesía foi o xénero máis cultivado no exilio. A maior parte das obras apareceron en Bos Aires e abordaron temas que estaban vetados na Galiza da ditadura ou reflectían problemáticas da colectividade desterrada: a denuncia do drama vivido, o patriotismo galego, a saudade das paisaxes natais, a reflexión sobre a situación do exilio etc.

2.1. Luís Seoane


Trazos biográficos

Luís Seoane foi pintor, muralista, debuxante, ilustrador de libros, poeta, autor teatral, locutor e guionista de radio, xornalista, promotor de editoriais e activista político do nacionalismo de esquerda. Naceu en Bos Aires, no seo dunha familia emigrante, en 1910. Comezou a despuntar como artista nos anos universitarios en Compostela, con Maside como mestre. Ilustrou os primeiros libros de Cunqueiro e revistas como *Resol*. Ingresou en 1933 no Partido Galeguista, estableceuse na Coruña como avogado laboralista e colaborou na campaña a prol do Estatuto de Autonomía do 1936. Cando estoupou a guerra, fuxiu para Bos Aires. Alí despregou unha intensa e polifacética actividade, que o fixo merecedor da medalla do Senado arxentino (1958).

En 1963 Seoane e a súa muller, Maruxa Fernández, regresan a Galiza. En 1968 creou con Isaac Díaz Pardo o Laboratorio de Formas



A revista *Vieiros* editouse no exilio de México.



Autorretrato de Eugenio Granell.



Monumento a Luís Seoane.

de Galicia, orixe da cerámica do Castro e de Sargadelos. Impulsou a fundación do Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside. Estabelecido na Coruña, escribiu no xornal *La Voz de Galicia* e publicou *Comunicacións mesturadas*, onde se recollen as charlas radiofónicas do programa *Galicia emigrante*. *Imágenes de Galicia* foi o seu derradeiro libro. Morreu na Coruña o 5 de abril de 1979.

Obra poética

A obra literaria de Seoane presenta un claro **compromiso ideolóxico** nacionalista e marxista, onde se **combina a denuncia social coa visión histórica, a vivencia persoal cos dramas colectivos**. Así o explicou o propio Seoane: «*Un poema non pode ser só un prisma de cores, un xeito de xuntar verbas fermosas e producir sonidos; é o berro dun home, o esgazamento que producen no seu espírito os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito*».

O volume *Obra poética*, editado en 1977, reúne toda a súa produción, que se compón dos seguintes títulos: *Fardel de eisiliado* (Bos Aires, 1952), *Na brétema, Sant-iago* (Bos Aires, 1956), *As cicatrices* (Bos Aires, 1959) e *A maior abundamento* (Bos Aires / Coruña, 1972).

Podemos caracterizar a súa poesía cos seguintes trazos:

- **Estilo realista**, ás veces **case xornalístico**. É unha poesía discursiva, lóxica, sen metáforas, sobria e, con todo, chea de forza e de paixón comunicativa.
- **Temática preferentemente social**, con predominio do tema da **emigración**, tratado como a grande epopea anónima e colectiva do pobo galego e contado desde a perspectiva dos emigrantes mesmos (historia de Ramón Cernadas, na Patagonia; traballadores galegos na ponte de Brooklyn; “Se vende un gallego” etc). Atopamos tamén unha visión mítico-reivindicativa da historia de Galiza, con dous intres estelares: o celta (“Os torques”) e o medieval irmandiño.
- **Escaseza de poemas líricos** e persoais, onde fale o *eu* de Seoane.
- **Dominio do verso longo**, case prosaico, seminarrativo. Despreocupación pola ornamentación do poema en aras da emoción que quere transmitir.

2.2. Outros poetas do exilio

Lorenzo Varela (Habana, 1916-Madrid, 1978). Fillo de emigrantes orixinarios de Monterroso, participou nas Misiones Pedagógicas, nos días previos á Guerra Civil. Combateu nesta, como militante comunista, ao lado do xeneral Enrique Lister, ao tempo que participaba en revistas republicanas. Exiliouse primeiro en México e despois en Bos

Seoane desenvolveu unha intensa actividade como dinamizador da cultura galega. Dirixiu e colaborou en varias revistas da colectividade galega: o xornal bilingüe *Galicia Libre*, o xornal *A Nosa Terra*, a revista *Galicia emigrante* etc. Editou libros artísticos como *Homenaje a la torre de Hércules*, álbum escollido en 1945, en Nova York, como un dos dez mellores publicados no mundo entre 1935 e 1945; e *María Pita e tres retratos medievais* (1944), con gravados seus e poemas de Lorenzo Varela. Con Arturo Cuadrado, fundou as editoras Nova, Botella al Mar e Citania e organizou en 1948 a 1ª Exposición do Libro Galego na Arxentina, con máis de 200 títulos. Realizou tamén numerosas exposicións pictóricas.



Luis Seoane: *María Pita*, 1944 (xilografía da serie *María Pita e tres retratos medievais*).

Aires, uníndose ao círculo de Seoane e Arturo Cuadrado, con quen participou en numerosas iniciativas culturais. Traballou como crítico de arte, conferenciante e tradutor.

Publicou con Seoane *Catro poemas pra catro gravados*, tamén coñecido como *María Pita e tres retratos medievais* (1944). En 1954 edita, *Lonxe*, con gravados de Seoane e prólogo de Cuadrado. As vivencias trágicas da guerra civil, a saudade da Terra desde o exilio, o pasado de loita das clases populares son os temas recorrentes na súa obra, feita cun esmero formal impecábel. Postumamente, da man de Seoane, aparecería o volume *Homaxes* (1978).

Emilio Pita (A Coruña, 1909-Bos Aires, 1981). Emigrou á Arxentina con 12 anos e nese país foi incansábel animador de iniciativas culturais e galeguistas. Publicou, entre outros, os poemarios *Jacobusland* (1942) e *Serán* (1974). A nostalxia, a condición de emigrante, a denuncia da opresión franquista e as vivencias persoais son os temas da súa poesía. Formalmente destaca a musicalidade.

Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994). Profesor e catedrático na Universidade de Nova York e defensor da proposta reintegracionista, foi autor dos poemarios *Lúa de alén Mar* (1959) e *Río de sonho e tempo* (1963).


Eduardo Blanco Amor (1897-1979). Edita na posguerra en Bos Aires o seu *Cancioneiro* (Edicións Galicia, 1956), libro moi heteroxéneo onde predomina o drama da soidade.

Aínda cabería citar autores como o valdeorrés **Florencio Delgado Gurriarán**, o poeta de Laxe **Antón Zapata García**, o muxián **Xervasio Paz Lestón**, o ourensán **Xosé Conde** ou o padronés **Ramón Rei Baltar**.

3. O teatro na diáspora

Durante a posguerra conviven no exilio dúas propostas teatrais diferentes. A primeira ten un carácter máis popular e costumista e está representada por autores como Varela Buxán, Ricardo Flores e Gayoso Frías. Evoca a terra lonxincua (recreación de costumes e ambientes) e mantén o orgullo de colectividade galega (exaltación de valores propios, dignificación do idioma etc.) apelando ao sentimentalismo.

A segunda, máis culta, con técnicas, temas e enfoques innovadores, está representada por Castelao, Seoane e o Blanco Amor das *Farsas*, con obras que apelan ao intelecto e formulan conflitos e preocupacións de validez universal.



Revista *De mar a mar*, editada en Bos Aires, na que colaborou, entre outros moitos escritores e artistas, Lorenzo Varela.



Eduardo Blanco Amor.

Eduardo Blanco Amor

Ademais de ser director de diversas compañías en Bos Aires, é autor de textos dramáticos reunidos en dous volumes. *Farsas para títeres* (1973) son obras de **carácter culto**, con ritmo rápido e grande forza expresiva, cheas de elementos fantásticos e satíricos. Transmiten valores progresistas como o antirracismo, a denuncia da violencia machista etc. e conectan co esperpento valleinclaniano e co teatro do absurdo de Ionescu. As pezas de *Teatro prá xente* (1975) encádranse no **realismo costumista**. Destaca a calidade dos diálogos e a recreación de personaxes tomados do rural galego. Editada postumamente, *Proceso en Jacobusland* constitúe unha durísima denuncia da represión franquista.

Luís Seoane

A obra teatral de Luís Seoane está influenciada por Bertolt Brecht e ten como temática central a denuncia da tiranía franquista e o drama dos emigrados e exiliados. Ademais de *A soldadeira* (1973), peza de tema histórico e social sobre a loita dos irmandiños, e *Esquema de farsa* (1957), unha peza satírica sobre a falsa visión da vida dos emigrados, Seoane escribe *O irlandés astrólogo* (1959), protagonizada por un católico irlandés do s. XVII chamado Patricio Sinot. Este ten que fuxir do seu país e logra establecerse como catedrático na Universidade galega mais sofre a persecución da Inquisición. A peza é un trasunto do drama persoal do autor exiliado e aborda o conflito entre o poder e a liberdade do individuo.



Tamén cultivaron o teatro **Manuel Daniel Varela Buxán**, autor de pezas de corte rural e costumista, non exentas de humor nin de crítica social; **Ricardo Flores Pérez**; **Isaac Díaz Pardo**, **Ramón de Valenzuela** e **Alfonso Gayoso Frías**.

4. A narrativa e o ensaio na diáspora

4.1. A narrativa

Amosa unha explicábel preferencia pola temática da guerra civil, abordada cun **afán memorialístico** e nun **ton de denuncia** e testemuña. Entre os seus autores destacan:

Ramón de Valenzuela Otero. Publicou en Bos Aires *Non agardei por ninguén* (Editorial Citania, 1957). O protagonista (trasunto do propio Valenzuela) é un guerrilleiro nos montes de Galiza e soldado na fronte de batalla. A súa segunda novela, *Era tempo de apandar* (1980), complementa a primeira: un eu protagonista relata a súa vida no exilio francés, a repatriación forzosa, o paso polas cadeas franquistas e o regreso ás terras galegas de Trasdeza, onde traballará nas minas de volframio. Valenzuela tamén é autor de relatos curtos reunidos no volume *O naranxo* (1974).



Luís Seoane: Autorretrato.

Silvio Santiago (Vilardevós, 1903-1974). Despois de estar preso durante a guerra civil, logra fuxir e exíliase en Caracas, onde desenvolve un intenso labor cultural galeguista. É autor das novelas memorialísticas *Vilardevós* (1961), sobre a súa infancia na aldea natal, e *O silencio redimido* (1976, póstuma), en que relata a súa aventura para fuxir da España de Franco e as terribéis situacións polas que pasaron moitas persoas durante esa etapa.

Antón Alonso Ríos (Silleda, 1887-Bos Aires, 1980). Fundador da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires e director do seu voceiro *El Despertar Gallego* (1922), na preguerra, regresou a Galiza en 1931 para sumarse á xeira republicana, traballando como inspector de escolas. En 1936 acadou un posto de deputado por Pontevedra nas Cortes españolas. Iniciada a guerra, fuxiu a Portugal e desde alí regresou á Arxentina, onde formou parte do Consello de Galiza.

Na súa narrativa destaca a novela memorialista *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), subtitulada “Memorias dun fuxido”, onde relata os vinte meses que botou percorrendo a Galiza de Franco disfrazado de esmolante portugués e a súa posterior fuxida cara ao exilio. Postumamente editouse *Nidia* (1992), unha novela cargada de reflexións filosóficas e morais.

4.2. O ensaio

Castelao publicou na Arxentina unha obra fundamental: *Sempre en Galiza* (1944). Este é un ensaio composto por materiais heteroxéneos, escrito en épocas diversas e en diferentes circunstancias, sempre marcadas pola condición de desterrado ou exiliado. O elemento que dota de unidade a obra é o feito de ser un **tratado do nacionalismo galego**. Nela hai valoracións sobre a historia de Galiza; aclaracións conceptuais sobre termos como nación, estado ou autodeterminación; exposicións das reivindicacións do galeguismo; reflexións amargas da vivencia do exilio; defensas apaixonadas do idioma galego; etc.

Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906-Madrid, 2003). Fundador do Seminario de Estudos Galegos, membro do Partido Galeguista e diplomático republicano, exiliouse primeiro en Cuba e logo en Montevideo, cidade en que despregou unha intensa actividade galeguista: a emisión radiofónica *Sempre en Galiza*, a organización do Primeiro Congreso da Emigración Galega etc. Máximo especialista na figura do Conde de Gondomar, editou no final da súa vida o volume memorialístico *As Décadas de T.L.*

Outros autores que cultivaron o xénero ensaístico no exilio foron **Luís Seoane**, **Alonso Ríos**, **Núñez Búa**, **Bieito Cupeiro** e **Xerardo Álvarez Gallego**.



Antón Alonso Ríos.



Sempre en Galiza, a obra ensaística máis importante da literatura galega do século XX.



Xosé Núñez Búa.

Textos e actividades

1. **Despois de leres con atención o apartado II desta Unidade responde individualmente as cuestións da seguinte ficha:**
 - a) Enumera as principais iniciativas levadas a cabo pola comunidade exiliada para manter viva a cultura e permitir a continuidade do galego como lingua escrita.
 - b) Cales son as principais características da poesía de Luís Seoane?
 - c) Cita os dous poemarios de Lorenzo Varela e sinala os seus trazos máis destacados.
 - d) Que outros poetas destacaron no exilio?
 - e) Que dúas liñas estéticas e temáticas podemos distinguir no teatro de Blanco Amor? Como se titulan os volumes onde recolle as obras pertencentes a cada unha delas?
 - f) Que temas aborda Seoane na súa obra *O irlandés astrólogo*?
 - g) De que tratan as novelas *Era tempo de apandar* e *O señor Afranio*? Quen son os seus autores?
 - h) Cales son os principais ensaístas do exilio?
2. **Preparade un recitado colectivo do poema de Luís Seoane “A ponte de Brooklyn” publicado en *Fardel de eisilado en Bos Aires* en 1952.**
3. **Pescudade na páxina web da Fundación Seoane (<https://fundacionluisseoane.gal>) información sobre as facetas plásticas do autor e facede unha síntese coa información obtida para expoñela oralmente na clase.**

LUÍS SEOANE

Noso pobo

*Un pobo vivindo na anarquía
dende fai mil anos.
Antre embargos,
vilanías,
benzoarios,
herdanzas,
repartos.
Despoxado polos señores.
Abarreirado nas montañas,
polo océano.
Perdurando polo sexo e a intuición
á porta da Historia
sin decidirse a entrar nela.
Chuchado polo desespero,
sin berralo.
Mixturado ca leña,
a palla, o gando.
En loita co vento e as choivas,
o penedo e a mar.
Un inmenso corpo, este pobo,
en parrafeo permanente cas pantasma familiares.*

*Calmos.
Desarraizándose.
Resistindo as contrariedades,
o falso testemuño,
a derrota.
Vendo medrar as súas fatalidades.
Os coutamentos.
As cautividades.
Un pobo, o noso,
vivindo en sí mesmo.
Esmagado cen veces en mil anos
e dondamente afirmándose
na propia terra e lonxe de esa terra.
Noutras terras.*

Dende o *Highland Princess* Outono 1949

Nos llevarán las ondas no con bolsas repletas,
no con sacos de oro ni tanques ni aviones.
Nos llevarán con lo que siempre llevamos:
un morral, un cayado y unas tablas de amor.

J. Moreno Villa

Dende o combés de terceira do *Highland Princess*
vexo a túa costa, Galiza. As rochas sobervas
do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
os meus lares familiares que os avoengos deixaron de protexer.
I-escoito as voces amaldizoadas dos teus carceiros
e as gargalladas asesíñas dos teus verdugos.
Cada vaga que se achega ao barco semella
o brazo irmán ergueito, de home ou de muller,
que ao xordo ceo desasperado esixe libertade e xustiza.

Decontado espiliron elas na miña lembranza,
feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamais ditas nin escritas,
esquecidas historias de noxías desespranzas anguriosas
que pola túa presenza voltan á miña memoria.
Vexo coma estadeas percorrer polo ar, en ringleiras,
aos parentes prósimos, aos amigos queridos, mortos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,
e acarón deles sinto que se xunguiron pra sempre
á miña vida pasada, o meu presente vivo e o meu porvir.

Ises mortos teceran no seu corazón, coma nós,
xenerosas espranzas pra todol-os homes, novos pensamentos,
o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio,
aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres,
agachados coma alimañas nas covas sobrosas dos montes
ou atobados, arredados de sí mesmos, polas afastadas rúas.

Por iste vento gris que agora fostrega a miña faciana,
o mesmo que fai marmuriar os teus boscos e as túas catedraes,
escoito ises craros, grandes, balbordos anceiosos
que veñen do fondo das túas entranas, aleivosamente feridas,
e isas longas riseiras tolas, sombrizas coma oubeos.

Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron, Galiza,
e aínda sentindo orgulo da túa gloria popular, antiga,
da túa terra verde xurdida do océano, das túas pedras venerábeis,
volto cara un lonxano cabo do mundo, un país estrano,
onde outros fillos teus, meus irmáns, erguen cibdades,
irmandados no traballo cos homes doutros povos edosos,
a vagar esquecido e senlleiro entre as somas máis mestas.

Doorido, dende o combés deste barco, véxote debruzada ao mar.
Mais un día voltarei, derrubado e á vez afirmado polo tempo, en moitedume,
con todol-os que erráneos coma eu andan espaxados polo mundo.

Celsa R.I. aforcouse en xullo do 74

Celsa R. I. pendurouse dunha viga.
Aforcouse nun alpendre.
Profesión: pescantina. Estado: viuda.
Ós coarenta e cinco anos xa era vella.

Cómo brúa a mar.
Qué negra noite, Celsa R. I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo.
Renxe a viga.

Cando nena, o pai mariñeiro
contáballe a Celsa R. I. dunha onda roxa
no mar, cun anxo sentado enriba.
Tamén da estadea azul cun pano branco
perpetuamente ergueita na mesma rocha
que enfeitizaba ós mariñeiros.
O pai de Celsa R.I. falaba de encantamentos.
Non falaba da súa vida.
Tampouco o fixera o seu home. Afogado,
naufragou nun barco de pesca.
¿Que se ten de falar da vida dun mariñeiro?

Celsa R.I. vivía nunha aldea de vellos e nenos.
Illada, soia, medoñenta.
Tampouco tiña nada que falar de sí.
¿A quen lle podía importar Celsa R. I.
nunha terra maldita, de xentes emigradas,
rillada polos usureiros,
apremada dende lonxe polos burócratas?

Celsa R.I. traballadora no peirao,
aforcouse.
Non a levou nengún anxo da terra.
Non a enfeitizou nengunha estadea azul.

Cómo brúa a mar...
Qué negra noite, Celsa R. I.
O vento bate a porta aberta do alpendre
e abana paseniñamente teu corpo.
Renxe a viga.

1. A poesía de Luís Seoane destila en moitos versos compromiso cívico, político e social. Le atentamente os poemas desta escolma e elabora unha lista dos temas socio-políticos que lle serven de inspiración.
2. O poema “Celsa R.I...” está feito cun estilo propositadamente prosaico, próximo ao da linguaxe dos xornais. Localiza no texto fragmentos e recursos que respondan claramente a esta intención do autor.
3. Enumera os sentimentos embargan ao poeta cando escribe o poema “Dende o Highland Princess”.

LORENZO VARELA

A Rui Xordo

Aramos sobre os mortos nesta terra
e o noso pan ten un sabor a osos
familiares, irmáns. O monte berra
baixo do arado, e chámannos os nosos

desde a morte con voces conocidas:
“Nin marqueses, nin cregos, nin doutores
fixeron as ribeiras verdecidas,
nin o guerreiro coiro dos tambores.

Os condados do polvo son dos mortos
e quen queira ser dono desta terra
que veña navegando aos nosos portos.

Os que pidan o fruto sin labores,
si non morren de seu, morran de guerra,
e desta terra, así, serán señores”.

Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesñados

¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ise chao que latexaba
sentíamos rubir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de todol-os segredos,
a canzón da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.
Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei aquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

1. O poema “Roi Xordo” explicita certa mensaxe ideolóxica. Cal é? Quen a transmite? A quen vai dirixida?
2. Cal é o tema principal do poema “Compañeiros da miña xeración...”? Con que metáforas constrúe o autor o seu significado?

EMILIO PITA

O meu paísán é o turco da rúa Reconquista,
o italiano mareiro que alporiza na Boca,
o xudeu que rebule por Pasteur e Corrientes.
Todos os meus paísáns, que todos achegamos
dise país de néboa que chámanlle gringada,
isa terra que ten a fronteira no vento.

*

Cando a Terra deixamos
por outra, sempre tan lonxana,
vai con nós isa arela
de voltar, que enxamais se acada.

O meniño que deixa
a cativa terra da infancia,
enxamais torna a ela.
Fícase soio coa lembranza.

*

Voltar para que atopen a faciana xa allea,
amoucida e vedraña sin a frol da surrisa
que bulía ao partir na gamela de néboa.

Voltar a ser na Terra outra volta emigrante,
soio, descoñecido polas xentes e as rúas,
a ter que repetir decote, ¿non me lembran?

*

Chamácheme unha vez,
e moitas veces,
cun son devagariño
que escoito amorriñado,
e sin poder tronzar
ista fondal raigaña de mar dulce.

Eiqué estou, Buenos Aires,
galego sin Galicia.

1. Le atentamente estes catro poemas de Emilio Pita e resume a súa visión da emigración.

RAMÓN DE VALENZUELA

Fragmento de *Era tempo de apandar*

A Prisión Provincial de Ávila estaba nun edificio moi vello, como dixeran, que debeu ser aproveitado por Santa Teresa para unha das súas fundacións e non sei se feito polos canteiros dela. Tódalas paredes, mesmo as interiores, eran de pedra.

No tempo da República, sendo Directora Xeral de Prisións Victoria Kent, decidiuse prescindir deste edificio por inhóspito e por considerar que non tiña capacidade dabondo para que puidesen estar nel, coa mínima dignidade humana, máis de vintasete reclusos, contando que viviran dous en cada cela de dous e medio por tres metros e tres xuntos nunha máis grande para os que facían servicios internos tamén como reclusos.

No sitio deses vintasete había, o día que eu cheguei, nas doce celas, 1.200 (vouno escribir en letra para que non se coide que é un engano) mil douscentos reclusos no sitio de vintasete.

O dormitorio de maior parte eran os anchos corredores que estaban onde daban as portas das celdas. No toque de se deitar cada un tiña destinado seu sitio coma unha especie de aparcamento privado coa cabeza xunta da parede e os pés que chegaban ás canelas do que estaba contra da parede de enfrente. Durmían tan apegados que, se a calquera se lle ocurría dar volta pola noite, tiñana que dar tamén tódolos daquela parede e, se calquera quería ir de noite ó retrete, tardaba unha chea de tempo en chegar para sortear os sitios e ver de furar co pé polos que tiveran as pernas máis fracas ou máis curtas.

A min leváronme a unha cela de privilexio, unha das de dous na que samente estaban dez e comigo facíamos once. Foi cuestión de clase social. Eu tiña estudos, viña de familias de certo aquel porque meu pai era médico e eso tiñase en conta. [...]

En Ávila a fame era realmente espantosa. Tiñase chegado a tal grao de desnutrición que moitos domingos, na misa, obrigatoria e en formación, caía algún recluso por avitaminose. [...]

LUÍS SEOANE

Fragmento de *O irlandés astrólogo* (1959)

ESCENA I

A DONA.- Dádesme moita lástima, don Patricio. Se seguides pensando dese xeito, non acharedes acougo en ningures.

PATRICIO SINOT.- Si, si, ben o sei. Son e serei por sempre un desleigado sen remedio; sereino, aínda que agora mesmo decidira voltar ao meu país. É a sorte do exilado.

ÁUREA.- Tentade de esquencer e divertirvos.

A DONA.- Este é un país alegre, con xentes alegres.

ÁUREA.- Pode que aínda volvades a descubrir a vosa alegría.

PATRICIO SINOT.- Non, Áurea, non é posible. Non teño xa máis alegría que estes libros. Nacín nun mal século e baixo un reinado rexentado desde o comenzo pola mesma morte. O rei Xacobo, un asesino [...]

ÁUREA.- Pero viñéchedes a este país para comenzo unha vida nova. Eso era o que decíades.

A DONA.- Si, viñades animado. Contento de volver a ter unha cátedra.

PATRICIO SINOT.- Viña animado, poisque coidei que non era pouco ter salvado a vida. Pero canto máis nos arredamos do pasado, máis perto estamos del. O recordo... Aos homes mántanos a memoria.

ÁUREA.- ¿E como queredes fuxir do pasado? ¿Con eses signos? (Sinalando os cadros astrolóxicos).

PATRICIO SINOT.- Si, através dunha ciencia antiga.

A DONA.- É unha ciencia de engaño.

ÁUREA.- Unha ciencia herexe.

PATRICIO SINOT.- Áurea, non digades esa palabra. Todos podemos ser herexes. Esta é a ciencia que engrandeceron Tico Brahe e Cardanus. Moitos Papas e emperadores cristiáns foron partidarios da Astroloxía e mesmo protexérona. A igrexa aceptou a influencia sobre a terra das sete planetas de Tolomeo e a correspondencia entre o macrocosmos e o microcosmos.

A DONA.- Non digades eso, Don Patricio. Estudade o que queirades, pero calade.

ÁUREA.- As paredes escoitan. Os sicarios do Santo Oficio espían astra polas fendas das paredes.

1. Cal é o drama vital e humano que padece Patricio Sinot?
2. Que ameazas inmediatas debe sortear no país que o acolle?
3. Tenta converter ou extrapolar determinadas referencias que hai no texto en alusións á España de Franco. Cal é o resultado?

CASTELAO

Fragmento de *Sempre en Galiza* (1944)

Chégase ao extremo de chamarnos “impatriotas” cando diñificamos a língoa do noso país e a consideramos máis nosa que a língoa de Castela. [...] Os cataláns, os galegos e os vascos serían antiespañoles se lle impuxeran o seu modo de falar á xente de Castela; pero son “patriotas” cando aman a súa fala e non se aveñen a trocala por outra. Nós comprendemos que a un galego, a un vasco ou a un catalán que non queira ser hespañol se lle chame “separatista”; pero eu pergunto cómo debe chamárselle a un galego que non queira ser galego, a un vasco que non queira ser vasco, a un catalán que non queira ser catalán. Estou seguro de que en Castela a estes “impatriotas” chámanlle “bos hespañoles”, “modelo de patriotas”, cando en realidade son traidores a sí mesmos e á terra que lles dou o ser. Eses sí que son separatistas.

1. Que argumentos emprega Castelao para contrarrestar os ataques que sofren os defensores da diversidade lingüística e cultural que existe no Estado Español?